



A BIBLIOTECA BUSCA MASCOTA!

BASES DO CONCURSO

Xaneiro- Febreiro 2024



BASES DO CONCURSO

1.- OBXECTIVO

Incentivar a participación creativa do alumnado na elección do nome e deseño da nova mascota da biblioteca co fin de fortalecer a identidade e o ambiente do espazo.

2.- PARTICIPANTES

Todo o alumnado do IES Muralla Romana.

Pódese participar de **xeito individual ou en parella**.

3.- REQUISITOS

As persoas participantes deben crear un deseño orixinal e un nome que identifique á mascota e que represente os valores da biblioteca e do centro.

Os traballos deben reunir os tres seguintes requisitos:

1. Presentar un **debuxo** que represente á mascota da biblioteca **en catro posicións**: sinalando a un lado, a outro, lendo e escribindo.
2. Hai que dar un **nome** á mascota.
3. Débese esbozar unha **historia** que describa o carácter da mascota e/ou explicar o porqué da súa elección.

4.- FORMA DE PRESENTACIÓN E PRAZO DE ENTREGA DE TRABALLOS

O traballo presentárase en **formato A4** nun **sobre pechado cunha nota interior na que conste o nome, apelidos e grupo da/s persoa/s participante/s**.

Entregarase na biblioteca do instituto **antes de 15 de febreiro de 2024**.

5.- CRITERIOS DE SELECCIÓN

Avaliaranse as propostas en función da orixinalidade, a calidade artística e a súa coherencia coa identidade da biblioteca.

Terase en conta a versatilidade do deseño e a súa capacidade para adaptarse a diferentes textos, impresións en papel, representación dixital etc.

6.- XURADO

O xurado estará formado por dous representantes do alumnado, dous representantes do profesorado e un representante do persoal non docente.

Reunirase o martes 20 de febreiro de 10:30 a 11:10 para decidir a proposta gañadora.

7.- ANUNCIO DE GAÑADORES

O **21 de febreiro** anunciaremos e premiaremos a proposta gañadora.

8.- PREMIOS

Haberá un único premio, que consistirá **nun diploma acreditativo en nun vale de compra de 30 euros** para librería/papelería.